

Estudo de Identificación de **Oportunidades de Negocio**

Recursos Costeiros do Concello de Sada





Descrición

Este proxecto de investigación atópase dentro das accións do programa EMPREAMAR para o desenvolvemento local, social, económico e ambiental de forma sostible; a través da creación dun ecosistema de emprendimento viable e inclusivo no Concello de Sada.

Neste punto inicial, xeramos o coñecemento sobre as oportunidades de negocio rendibles, sustentables e inclusivas, tendo en conta os recursos costeiros do Concello e a súa área de influencia, ademais dos principais axentes e colaboradores para o desenvolvemento das mesmas.

Este proxecto está financiado con Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) en colaboración coa Consellería do Mar da Xunta de Galicia, e atópase dentro do marco das Estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) asumidas polos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP).



Retos e obxectivos 2030

Retos dos GALP

- Política pesqueira común
- Crecemento azul
- Cambio climático e transición enerxética a unha economía de baixas emisións de carbono
- Creación de emprego e integración social (mulleres, mozos/as e inclusión social)

Obxectivos da EDLP

- Obxectivo estratéxico 1: Mellora da competitividade do sector pesqueiro, creación de emprego e atracción da xuventude, en especial a través do aumento de valor engadido dos produtos pesqueiros, da integración vertical, da innovación en todas as fases da cadea de subministración de todos os produtos pesqueiros; e garantir unha actividade sostible promovendo o uso eficiente dos recursos biolóxicos mariños

ÍNDICE



01

...
INTRODUCCIÓN

03

...
CONTEXTUALIZACIÓN

05

...
RETOS DO SECTOR MARIÑO

07

...
CONCLUSIONES

02

...
METODOLOXÍA

04

...
RECURSOS

06

...
MODELOS DE NEGOCIO

08

...
PROPOSTAS E
RECOMENDACIÓN

01

...

INTRODUCCIÓN



OS INICIOS

O seguinte “banco de modelos de negocio viables” xorde como resultado da exploración das tendencias do mercado a curto e medio prazo, da diagnose de situación actual no ámbito das novas tendencias da economía social e circular, e a adaptación de estas tendencias a posibles modelos de negocio emprendedores a partir do aproveitamento dos recursos costeiros do Concello de Sada. Estas posibles sinerxias teñen en conta ás empresas asentadas no ecosistema local a través do fomento da RSE, e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS).

Enmárcase dentro do Proxecto Empreamar, que ten como finalidade coñecer, identificar e analizar as oportunidades emprendedoras dentro do Concello de Sada enfocadas ao aproveitamento dos recursos mariños de municipio.

Neste listado se especificarán os principais elementos e recursos concretos a ter en conta, modelos de crecemento e recomendacións para a súa posta en marcha.

OBXECTIVOS



1

Identificación de recursos
costeiros do Concello de
Sada



2

Identificación de
tendencias de mercado a
curto e medio prazo



3

Identificar modelos de
negocio innovadores e
con éxito en outros
sectores para análise da
viabilidade ao campo dos
recursos costeiros



4

Realización dun “banco
de modelos de negocio
viáveis” cos seus
elementos principais
identificados




5

Facilitación da
comunicación e difusión
dos resultados entre os
grupos de interese



6

Ter en conta a
perspectiva de xénero e
fomento da igualdade en
todas as propostas



02

...

METODOLOGÍA



ESTRATEGIA

A metodoloxía empregada centrouse en catro eixos principais:

1. Xornada de contacto co equipo Técnico do Concello para obter información de primeira man, da situación real da zona de influencia.
 2. Identificación de recursos costeiros, ecosistema empresarial actual e perfil de proxectos emprendedores existentes no concello.
 3. Investigación selectiva e sistemática de fontes secundarias. Principalmente grupos de investigación universitarios e revisión de iniciativas empresariais de éxito.
 4. Xeración de modelos de negocio baseados na información obtida, con indicacións dos elementos clave, recomendacións e posibles vías de crecemento
- Baseouse nun estudo exploratorio para identificar os axentes crave e grupos de interese significativos, os recursos do sector mariño, as políticas e iniciativas de apoio ao emprendemento no concello, os principais retos e oportunidades de negocio.

03

...

CONTEXTUALIZACIÓN




ALGÚNS DATOS

DESEMPREGO

927 dun total de
25.400 na
Comarca

XÉNERO

523 mulleres +
404 homes



SECTOR

93 na Industria +
14 na
agricultura / pesca

IDADE

43 menor de 25
anos + 884 maior
de 25 anos

A situación actual que nos atopamos no municipio é que, dun total, de 927 persoas en desemprego, a maioría son mulleres maiores de 25 anos, o que as converte no colectivo máis sensible e con maior oportunidade de aproveitamento das novas oportunidades de emprender.

Doutra banda, as sectores da industria e a pesca, ofrecen un maior espazo para a innovación e os novos modelos de negocio, xa que están moito menos demandados que os de turismo e comercio.

O POR QUE

Esta investigación nace co obxectivo de xerar un ecosistema de emprendemento no Concello de Sada en torno ao mundo mariño, a detección dos recursos existentes na zona e as posibles sinerxias entre eles. Ademais busca aqueles modelos de negocio que faciliten o acceso a novos postos de traballo ás persoas en situación con desemprego da comarca.

O Concello de Sada, como comunidade costeira dependente da explotación dos recursos mariños está comprometida co desenvolvemento dun ecosistema de emprendemento mariño sustentable e a promoción de oportunidades de autoemprego e desenvolvemento empresarial, o que permite profundar en novos modelos innovadores e que non necesitan grandes investimentos iniciais para o desenvolvemento da actividade.


Ademais, neste proceso investigador e de consulta ao propio Concello, detectouse un colectivo emerxente de persoas migrantes con gran interese en emprender como medio de inclusión na comunidade e de sentirse partícipe do seu desenvolvemento, pero que necesita un apoio formador e asesor inicial que este tipo de iniciativa pódelles facilitar.

04

...

RECURSOS





Terceiro Sector

- E18 Reserva da Biosfera
- E19 Fundación Juana de Vega
- E23 Mercado de la Cosecha
- E24 Co-Cooking
- E34 ASPACE
- E37 AMPAS

Administración Pública

- E26 AEDL
- E27 Concello: Empleo, Promoción Económica y Turismo
- E28 Centros escolares de Sada (CEIPs, IESs)
- E35 Concello: Educación
- E36 OMIX

Industria

- E8 Sargadelos O Castro
- E25 GADISA

Hostalería

- E6 Camping San Pedro
- E7 Camping Velo mar
- E9 Hotel Alda Sada Marina
- E17 Mdo del puerto
- E20 El Chiringuito
- E21 Hijos de Rivera SAU
- E22 Decántate

Náutico Recreativo

- E1 Altavela Servicios Náuticos
- E2 Puerto Deportivo
- E3 Cadenote
- E16 Marina Varadero

Pesqueiro

- E5 Cofradía de pescadores de Sada
- E11 Pescados Jaime Galiana
- E15 Borrazas Rivera

Procesado de Peixe

- E4 Iris Coruña
- E10 Vitalmar
- E13 Depuradora De Mariscos De Lorbe
- E14 Pescados Ria De Sada

Turismo de Aventura

- E12 Hebe Sport



Praias

- R1 Morazón
- R3 Sasa
- R4 Gandario
- R5 Arnela
- R6 Fontiñas
- R7 Sabrina
- R8 Lourido
- R10 Veigue
- R11 Cirro

Patrimonio Cultural

- R2 La Terraza
- R13 Torres de Meiras
- R14 Castillo de Fotán
- R15 Discoteca Baroque
- R16 Museo Carlos Maside/Sargadelos
- R18 Colegio de Sada y sus contornos

Patrimonio Natural

- R9 Mirador Punta San Mamede

Patrimonio Etnográfico

- R12 Fontán

Gastronomía

- R17 Aula de Hostelería



05

...

RETOS DO SECTOR MARIÑO



RETOS IDENTIFICADOS

- Dar unha segunda vida aos residuos xerados polo sector mariño en relación ao ODS 14.1 CONTAMINACIÓN MARIÑA: De aquí a 2025, previr e reducir significativamente a contaminación mariña de todo tipo, en particular a producida por actividades realizadas en terra, incluídos os detritos mariños e a polución por nutrientes.
- Revitalizar o uso e goce da zona costeira con actividades culturais e de lecer para difundir e dar a coñecer o patrimonio, cultura e tradicións
- Fomentar o coñecemento e consumo responsable e sustentable de peixes e mariscos de proximidade, especialmente entre a xente máis nova
- Poñer en valor aqueles elementos de identidade cultural do Concello de Sada: gastronomía local, aspectos etnográficos e históricos, edificios representativos, etc.
- Xerar oportunidades de emprego e emprendemento no sector mariño, especialmente dirixidas a colectivos vulnerables (mulleres, mocidade, persoas desempregadas, persoas con discapacidade, persoas migrantes)
- Potenciar sinerxias entre diferentes sectores (como o sector turismo) e o sector mariño que xeren oportunidades de negocio sustentables
- Fomentar os deportes mariños e as actividades náuticas de lecer

06

...

MODELOS DE NEGOCIO





IDEAS DE NEGOCIO



Transporte marítimo
a praias desde ou
porto de Sada



Campamento mariño
para mozos e mozas



Industria viva + cociña:
faena con pescadores
e aprende a cociñar



Redeiras: talleres de
reciclaxe de refugалlos
pesqueiros



Bootcamp mariño:
formación para
profesionais



Concertos no
Club Náutico



Obradoiro de cociña
de peixe e marisco de
proximidade



Posta en valor da
Lonxa: turismo +
cultura

En relación aos retos do sector e aos recursos identificados, propónse un banco de ideas de negocio con posibilidade de desenvolvemento. Destas, seleccionáronse as cinco con maior viabilidade e profundouse sobre elas a través do Canvas de Modelo de Negocio Social



IDEAS DE NEGOCIO



Velas e aparellos náuticos: aplicación noutros campos



Explotación de algas con estándares sustentables



Do barco á súa casa: distribución de produtos mariños



Startup limpeza do fondo mariño



Desenvolvemento de APP náuticas: localización, mantemento, información.



Campus científicos de verán



Rutas marítimo gastronómicas: cena a bordo



Asociación de Entidades Náuticas

En relación aos retos do sector e aos recursos identificados, propónse un banco de ideas de negocio con posibilidade de desenvolvemento. Destas, seleccionáronse as cinco con maior viabilidade e profundouse sobre elas a través do Canvas de Modelo de Negocio Social

...

IDEAS DE NEGOCIO SELECCIONADAS



CANVAS DE MODELO DE NEGOCIO SOCIAL: Posta en valor do edificio da lonxa

Baseado no "Social Lean Canvas" (socialleancanvas.com)

OBXECTIVO

Achegar e difundir, a través da revalorización deste edificio histórico, a tradición e a cultura representativa coa que se identifica o Concello de Sada e que é parte da historia e a idiosincrasia da cidade

IMPACTO

Fortalecemento da cultura e identidade do municipio
Sinerxias entre o tecido industrial e o sector turístico
Achegamento dos produtos pesqueiros e o proceso produtivo ao consumidor e os visitantes.
Mellora da imaxe e a presenza das empresas do sector

PROBLEMA

No existencia de actividades que mostren y pongan en valor la actividad industrial de la zona desde una perspectiva etnográfica y de identidad social y cultural

ALTERNATIVAS EXISTENTES

Visitas por iniciativa propia dos turistas

SOLUCIÓN, RECURSOS Y ACTIVIDADES CRAVE

Creación dun roteiro turístico industrial e gastronómica:
Visita á lonxa e instalacións do porto
Roteiro marítimo
Roteiro especial o 16 de xullo polas festas do Carmen
Creación dun Museo Etnográfico
Cata de viños e produtos pesqueiros da zona

INDICADORES CRAVE

Nº de visitantes
Nº de visitas/roteiros
Avaliación das visitas/roteiros e da imaxe/percepción do sector

RECURSOS, SOCIOS E ACTORES CRAVE

Concello de Sada
Centros educativos
Sector pesqueiro Sada E2, E5, E10, E11, E13, E14, E15
Sector gastronómico Sada E17, E22, E24

PROPOSTA DE VALOR

PROPOSTA DE VALOR SOCIAL

Achegar a industria, os seus produtos, a historia, o patrimonio e a identidade do mundo pesqueiro a todos os visitantes; posicionando así unha imaxe única do concello que fai atractivo coñecelo

PROPOSTA DE VALOR A O CLIENTE

Gozar dunha actividade turística e cultural que permite coñecer a perla das Mariñas dunha forma diferente e entretida

Gozar da gastronomía

Vivir a experiencia desde dentro

VANTAXE DIFERENCIAL

Aumento da comprensión e a cohesión social ao redor do sector pesqueiro
Creación de novas oportunidades económicas e de emprego inexistentes ata o momento

CANLES

Publicidade en web e centros de información turística do concello
Redes sociais
Cartelería
Atención telefónica e online

SEGMENTOS

CLIENTE

Concello de Sada
Porto de Fontán
Empresas privadas do porto
Visitantes
Comunidade educativa
Asociacións/Agrupacións

BENEFICIARIO

Veciños, comunidade educativa, agrupacións/asociacións locais e de localidades próximas e visitantes turísticos

CLIENTES PIONEIROS

Comunidade do municipio e localidades limítrofes

ESTRUCTURA DE CUSTOS

Custos de RRHH: salarios del equipo promotor y de los/as guías oficiales
Custos de comunicación y marketing:: cartelería, materiales promocionales, elementos de comunicación, EPIs, etc.
Custos administrativos

INGRESOS

Ingresos a través do pago dos roteiros por parte dos visitantes, comunidade educativa e asociacións/agrupacións
Ingresos a través de subvencións do Concello de Sada e/ou Deputación da Coruña e/ou Xunta de Galicia
Liña de RSC de E21 "Mercado da Colleita"

CANVAS DE MODELO DE NEGOCIO SOCIAL: Campamentos mariños

Baseado no "Social Lean Canvas" (socialleancanvas.com)

OBXECTIVO

Crear un campamento mariño en Sada, durante a época estival, para concienciar á infancia e a mocidade da importancia da conservación e o uso sustentable dos recursos mariños a través do xogo

IMPACTO

Os rapaces/ as que participen mellorarán o seu coñecemento e percepción sobre a conservación e uso sustentable dos recursos mariños, tras o seu paso polo campamento, e mostraranse socialmente máis comprometidos con este obxectivo

PROBLEMA

Falta de actividades de lecer e deportivas para a infancia e mocidade relacionadas coa concienciación ambiental mariña

ALTERNATIVAS EXISTENTES

Campamentos para infancia e mocidade co obxectivo de fomentar os deportes náuticos e o lecer

SOLUCIÓN, RECURSOS Y ACTIVIDADES CRAVE

Campamento mariño de verán diúrno para a infancia e a mocidade:
Actividades náuticas
Actividades orientadas ao uso e conservación dos recursos mariños

INDICADORES CRAVE

Nº participantes
Percepción participantes en relación ao obxectivo

RECURSOS, SOCIOS E ACTORES CRAVE

Concello de Sada
Centros educativos
Altavela Servizos Náuticos E1
Cámping #Ver Mar E7
Hebe Sport E12

PROPOSTA DE VALOR

PROPOSTA DE VALOR SOCIAL

A través do xogo, o lecer e o deporte, mellora da a infancia e á mocidade en relación ao obxectivo de desenvolvemento sustentable 14: vida submarina

PROPOSTA DE VALOR A O CLIENTE

Gozar dun verán divertido con outros rapaces/ as, realizando diferentes actividades deportivas e de lecer e aprendendo sobre o mar e os seus recursos.

VANTAXE DIFERENCIAL

Educación non formal enfocada ao desenvolvemento sustentable dos recursos mariños a través do xogo e a actividade deportiva

CANLES

Publicidade en centros escolares de Sada e localidades próximas
Redes sociais
Cartelería
Atención telefónica e online

SEGMENTOS

CLIENTE

Pais e nais de rapaces (12-17 anos) do Concello de Sada e da zona de influencia da Coruña

BENEFICIARIO

Rapaces/ as (12-17 anos) de Sada e da zona de influencia da Coruña

CLIENTES PIONEIROS

Alumnado de centros escolares de Sada e da zona de influencia da Coruña

ESTRUCTURA DE CUSTOS

Custos de RRHH: salarios equipo promotor e monitores/ as
Custos materiais: materiais do campamento, papelería, comida, aluguer de equipamentos deportivos, etc.
Custos de comunicación/márketing e administrativos

INGRESOS

Ingresos por cotas de campamento que abonen os pais e nais
Ingresos a través de subvencións do Concello de Sada e/ou a Xunta de Galicia
Programa de RSC/ RSE E25 na vertente do apoio ao deporte

CANVAS DE MODELO DE NEGOCIO SOCIAL: Conciertos Club Náutico de Sada

Baseado no "Social Lean Canvas" (socialleancanvas.com)

OBXECTIVO

Realizar concertos no Club Náutico de Sada, para potenciar a cultura musical cun fin social; xa que se empregará a persoas con dificultades de inserción ao mercado de traballo (< de 30, >de 45, mulleres, desempregados/ as de longa duración, etc.) e un % dos beneficios irá destinado a proxectos sociais

IMPACTO

Mellora da inserción de colectivos vulnerables
Aumento dos recursos económicos de organizacións con fins sociais

PROBLEMA

Falta de actividades culturais e musicais en Sada
Colectivos con dificultade de inserción ao mercado laboral

ALTERNATIVAS EXISTENTES

Desprazarse á Coruña ou outras localidades para gozar destas actividades

SOLUCIÓN, RECURSOS Y ACTIVIDADES CRAVE

Concertos en directo no Club Náutico de Sada
Servizo de hostalería (bebidas e picoteo) durante o concerto

INDICADORES CRAVE

Nº entradas vendidas
Nº persoas inseridas
Beneficios destinados a proxectos sociais

RECURSOS, SOCIOS E ACTORES CRAVE

Club Náutico de Sada E2
Concello de Sada
Grupos musicais
Provedores bebida e comida
Hijos de Rivera SAU E21
El Chiringuito E20

PROPOSTA DE VALOR

PROPOSTA DE VALOR SOCIAL

Proposta de cultura musical comprometida coa contratación de colectivos con dificultades de inserción laboral e con proxectos sociais da zona

PROPOSTA DE VALOR A O CLIENTE

Noites estivais con música en directo dos grupos máis aclamados do panorama musical nunha contorna mariña

VANTAXE DIFERENCIAL

Actividades de lecer e cultura musicais cun claro propósito social e orientadas a mellorar a empregabilidade de colectivos vulnerables

CANLES

Redes sociais
Cartelería
Páxina Web
Comercio local

SEGMENTOS

CLIENTE

-Persoas con interese pola música en directo, un nivel adquisitivo medio e alto e que pasen o verán
*Familias de USA que veranean en Sada

BENEFICIARIO

Desempregados/ as de Sada
Organizacións con fins sociais

CLIENTES PIONEIROS

Mozos/as que residen en Sada (18-30 anos)

ESTRUCTURA DE CUSTOS

Custos de RRHH: salarios equipo promotor e persoal de servizos
Custos materiais: equipos de son, material de papelería, bebida e comida, etc.
Custos de comunicación/márketing e administrativos

INGRESOS

Compra de entradas e consumicións non Club Náutico
Sponsors (dando prioridade ao comercio local, ata grandes marcas)

CANVAS DE MODELO DE NEGOCIO SOCIAL: Talleres de cocina de pescado y mariscos

Baseado no "Social Lean Canvas" (socialleancanvas.com)

OBXECTIVO

Incrementar o consumo sustentable e responsable de peixe e marisco de proximidade por parte da mocidade, a través de talleres de cociña creativos desta materia prima

IMPACTO

As persoas que participen no taller mellorarán o seu coñecemento sobre o sector e aumentarán o consumo sustentable destes produtos

PROBLEMA

Diminución do consumo de peixe e marisco de proximidade por parte da xente nova

ALTERNATIVAS EXISTENTES

Accións de sensibilización a través de campañas de comunicación (Campaña de promoción do Consumo de peixe e marisco de proximidade do Femp)

SOLUCIÓN, RECURSOS Y ACTIVIDADES CRAVE

Taller de cociña creativa de peixe e marisco de proximidade
Venda de produtos: peixes e mariscos

INDICADORES CRAVE

Nº de participantes
Vendas de produtos
Mellora do coñecemento sobre o consumo de peixe e marisco

RECURSOS, SOCIOS E ACTORES CRAVE

Hotel Alda Sada Marina E9
Aula de Hostalería R17
Hijos de Rivera SAU E21 y E24
Sector pesqueiro Sada E5, E10, E11, E13, E14, E15
Concello de Sada

PROPOSTA DE VALOR

PROPOSTA DE VALOR SOCIAL

Proposta para fomentar o consumo sustentable de produtos alimentarios mariños

PROPOSTA DE VALOR A O CLIENTE

Aprende a cociñar de forma divertida e creativa e lévache a casa os produtos para facelo ti mesmo/a

VANTAXE DIFERENCIAL

Aprender a cociñar peixe e marisco de forma divertida e creativa coa posibilidade de levarche os produtos a casa

CANLES

Centros xuvenís da localidade de Sada e municipios próximos
Centros deportivos
Comercios locais
Club náutico e demais instalacións do porto
RRSS
Páxina web
-Email e teléfono

SEGMENTOS

CLIENTE

Persoas da localidade de Sada e de municipios próximos con interese pola cociña.
Segmentos por idades (18-25, 26-35, 36-45)

BENEFICIARIO

Persoas participantes
Industria alimenticia de peixe e marisco de proximidade
Comercios locais

CLIENTES PIONEIROS

Mozos/as que residan en Sada (26-35 anos)

ESTRUCTURA DE CUSTOS

Custos de RRHH: cociñeiros/ as, persoal de organización, etc.
Custos materiais: peixes, mariscos e demais produtos alimenticios, local de cociña para realizar os talleres (aluguer/cesión) R17, E9
Custos de comunicación/márketing

INGRESOS

Ingresos xerados pola cota do taller
Ingresos xerados pola compra de produtos alimenticios
Subvención Concello de Sada
Sponsors do sector da pesca que queiran apoiar a iniciativa
Sponsors a través da cesión de espazos en E9 e R17
Programa Co- Cooking de RSC de E21

CANVAS DE MODELO DE NEGOCIO SOCIAL: Redeiras en acción

Baseado no "Social Lean Canvas" (socialleancanvas.com)

OBXECTIVO

Dar visibilidade e recoñecemento económico e social ás mulleres que desempeñan esta profesión a través de talleres de reciclaxe de materiais de refugallo da actividade pesqueira

IMPACTO

Xerar novos postos de traballo e oportunidades de emprego
Reforzar a cultura sustentable
Crear estratexias de diversificación e visibilizalas
Favorecer a cohesión social e o empoderamento das redeiras

PROBLEMA

Non existencia de actividades que fomenten a diversificación e melloren a economía do colectivo

ALTERNATIVAS EXISTENTES

Ningunha, non hai modelos nin alternativas na zona

SOLUCIÓN, RECURSOS Y ACTIVIDADES CRAVE

Talleres de reciclaxe de produtos de refugallo da actividade pesqueira:
Creación de material náutico, bolsas da compra, cortinas, roupa, fariñas, etc.
Talleres de conservas

INDICADORES CRAVE

Nº de talleres realizados
Nº de proxectos artesanais creados por mor das formacións

RECURSOS, SOCIOS E ACTORES CRAVE

Concello de Sada
Reserva da biosfera E18
Sector pesqueiro Sada E5, E10, E11, E13, E14, E15, E16

PROPOSTA DE VALOR

PROPOSTA DE VALOR SOCIAL

Ofrecer a posibilidade de diversificar os ingresos económicos do colectivo e xerar novos modelos de negocio e ingresos

PROPOSTA DE VALOR A O CLIENTE

Fomento do emprego do colectivo de redeiras e visibilización do sector

VANTAXE DIFERENCIAL

Aproveitamento e reciclado de recursos que, habitualmente, refúganse para xerar novas oportunidades de negocio

CANLES

Reunións co colectivo
Publicidade en web
Redes sociais
Cartelería
Atención telefónica e online

SEGMENTOS

CLIENTE

Concello de Sada
Porto de Fontán
Empresas privadas do porto

BENEFICIARIO

Colectivo de redeiras
Sector pesqueiro da zona e o seu tecido industrial
Toda a comunidade

CLIENTES PIONEIROS

Redeiras do Concello de Sada

ESTRUCTURA DE CUSTOS

Custos de RRHH: salarios do equipo promotor e docentes
Custos materiais dos talleres
Custos de comunicación/márketing e administrativos

INGRESOS

Ingresos a través da venda dos produtos obtidos mediante a creación de empresas/cooperativas
Ingresos a través de subvencións do Concello de Sada e/ou Deputación da Coruña e/ou Xunta de Galicia

07

...

CONCLUSIONES



RESULTADOS

Unha vez identificados os retos da zona, as oportunidades que ofrece o sector pesqueiro e os recursos dispoñibles, as liñas de actuación recomendadas son as seguintes:



1. Fomentar a posta en marcha de iniciativas innovadoras que poñan en valor o turismo mariñeiro:

- Mellorar a empregabilidade e as oportunidades de emprego e autoemprego



2. Recuperar e poñer en valor o patrimonio marítimo-costeiro

- Consolidar a cadea de valor do sector pesqueiro local
- Incrementar o valor engadido dos produtos do mar de maneira diferencial e sostible
- Promover un consumo responsable e de base local sostible



3. Reforzo da identidade territorial, a proxección internacional e a dinamización social e turística

- Traballar no recoñecemento social, igualdade e empoderamento da comunidade



4. Fomentar a sostenibilidade ambiental, económica e social e, a inclusión


- Converter o concello nun referente de turismo ambiental, mariñeiro, deportivo, accesible, inclusivo e sustentable

08



PROPOSTAS E RECOMENDACIONES





1

Coworking na Lonxa



Crear un coworking, utilizando o espazo do edificio da Lonxa ao redor de modelos de negocio relacionados co sector mariño

2

Preincubadora



Crear unha preincubadora para persoas interesadas en emprender con formacións específicas para desenvolver as ideas propostas e novas ideas relacionadas co sector mariño, a través dun itinerario baseado na metodoloxía Desing Thinking

3

Aceleradora



Impulsar unha aceleradora de proxectos xa seleccionados (en relación ao sector mariño), en base a un itinerario formativo en emprendemento e un servizo de mentorización

4

Plataforma de Innovación Aberta



Implementar unha plataforma online de innovación aberta para presentar propostas relacionadas con novos modelos de negocio no sector mariño e xerar sinerxias entre as persoas residentes en Soda. Na devandita plataforma, impulsar concursos para a proposta de ideas e xeración de rede entre os usuarios/as.